

Prexuízos

Esta historia coza nunha pequena vila costeira na que un neno de 10 anos chamado Carlos vaise ter que mudar a Lugo. O neno está moi nervioso porque non sabe como vai a ser a súa vida nesa nova cidade, o seu novo colexio...

Dous días despois xa estaban colocando todos os mobles na súa casa nova, todo pasara tan rápido que ao neno non lle dera tempo a asimilalo xa que fora unha decisión que os seus pais tiveran que tomar de forma inmediata por temas de traballo. Cada día a fecha de comezar o curso (que tanto lle aterraba ao neno) íase acercando máis e máis ata que chegou, Carlos entrou pola porta e decatouse de que todos o miraban raro pero por sorte unha nena achegouse a falar con el. Entrou a profesora na clase e pediulle a o rapaz se podía facer o favor de presentarse para coñecelo mellor, pois a Carlos non le quedou outra cousa que facelo, nada máis comezar escoitábanse as primeiras risas pero mediante avanza volvíanse máis e máis fortes ata que se escoitou un insulto “ pailán “ dixo un neno ao fondo, entón a profesora levantouse e botouno fora da clase, tras ese conflito o día transcorreu con normalidade pero Carlos púxose a pensar a razón de porque todo o mundo se rira así, que tiña de diferente el cos demais e deuse conta de que en toda a mañá non escoitara falar a ninguén en galego, esa sería a razón de porque todos se riran de min pensou Carlos. O curso foi pasando e Carlos cada vez falaba menos galego ata o punto de non falalo ni na casa, a súa nai decatouse e non tardou en preguntar que porque deixara de falar unha lingua tan bonita como o galego e o neno contoulle o que lle pasara o primeiro día. A súa nai díxolle que non por falar galego tiña menos coñecementos nin era máis bruto nin nada das cousas que se lle atribuían normalmente e que non deixara de falar galego polo que lle dicían os demais. Dende ese día a actitude de Carlos cambiou e nunca máis deixou de falar galego polos prexuízos